



ALEGO
o texto
RECENSIÓNS
p ORTUGUÊS
CRÍTICA

Fernando Venâncio, *Assim nasceu uma língua*, Lisboa, Guerra & Paz, 2019, 311 páxinas.

Data de recepción: 11/09/2020 | Data de aceptación: 15/10/2020

En *Assim nasceu uma língua*, o lingüista Fernando Venâncio indaga na historia da lingua portuguesa para a abordar dun modo orixinal e incisivo. Oriúndo de Mértola, na rexión do Alentejo, Venâncio experimentou desde que era crianza a diversidade de sotaques e variacións dos territorios onde se fala portugués, desde a súa terra natal até Braga, pasando polos modos lisboetas. Toda esta experiencia, coñecemento e interese pola evolución e realidade da súa lingua conflúen neste libro, en que, cunha finalidade desmitificadora, revela a verdadeira orixe do portugués e mostra o seu percurso histórico en relación co castelán e, sobre todo, co galego, lingua esquecida á vez que fundamental para a súa existencia.

A obra comeza cunha introdución en que Venâncio establece o principal alicerce en que asenta a súa análise histórica: o léxico. Co ánimo de non caer en lecturas ideolóxicas que con frecuencia se superpoñen á realidade material, neste caso as palabras, elabora un estudo sistemático do portugués a través do acervo patrimonial e da historia das grandes incorporacións léxicas. Para isto, acudiu aos dicionarios e aos *corpora*, cuxos datos cuantitativos, ben ordenados, lle revelaron información cualitativa relevante. Outro cimento do discurso ten relación coa súa proximidade ao Paradigma da Continuidade Paleolítica, pois defende que as mudanzas son a excepción e que estas, de se produciren, son sempre por causas externas á lingua. O propio portugués é, para el, proba disto: como aves que voan por riba das fronteiras, moitos dos vocábulos entrantes viñeron da Meseta.

Dividido o libro en tres partes, a primeira afonda nas orixes da lingua portuguesa. Venâncio comeza salientando a desaparición do *l* e *n* intervocálicos como un acontecemento fulcral na aparición da nova lingua por ser un trazo distintivo e por ser a xénese doutros fenómenos lingüísticos. Máis adiante, no segundo capítulo, o autor trata de acoutar o momento en que a lenición aconteceu. Sostén que esta debeu de se producir nun período curto cando aínda existía memoria latina auditiva suficiente para diferenciar *l* e *n* de *ll* e *nn*, pois as últimas só sufriron unha redución. Esta mudanza tivo de se dar arredor do ano 600, cando toda a poboación galega falaba latín. Un par de séculos despois, o trazo estaba difundido até o punto de chegar a aparecer en documentos escritos; xa para os primeiros textos en romance a elisión do *l* e do *n* ficaba “gramaticalmente consolidada, coherente, funcionando

em pleno” (p. 66). Non sería até o século XV que o portugués comezase a absorber “formas alatinadas ou [...] mais exactamente hispanizantes, com os *l* e o *n* nos seus lugares, já sem nenhum esforço de adaptação” (p. 74).

Porén, Venâncio defende que esta lingua non naceu no actual territorio luso; de feito, afirma que se Portugal non existise, habería aínda unha lingua moi semellante ao actual portugués. Por conseguinte, no terceiro capítulo, trata de demostrar que o territorio luso fala unha lingua herdada: o galego. Como proba apunta aos vestixios acústicos da memoria auditiva deste período: fronte ao frecuente fechamento das vogais átonas do portugués, consérvanse algunhas cuxa abertura é necesariamente un resto da fusión de dúas vogais após desapareceren o *l* e o *n*. Igualmente, indica que para esta lenición “foi necesario un *desempenho oral colectivo em latim*, e ele só pôde vigorar quando essa era aínda (ou já) a lingua dominante no noroeste peninsular” (p. 81). Roto o mito de o portugués nacer, de forma acelerada, dun latín que estrañamente estaba en uso oral, critica o ocultamento que as historias da lingua portuguesa fixeron da Galiza, non só por estaren historicamente erradas, mais tamén por responderen unicamente a un interese ideolóxico de consolidación da variante meridional como lingua. Neste sentido, o cuarto capítulo mostra que o galego é un elemento que perturba o relato histórico sobre a orixe da lingua nacional. Isto explica que, xunto ao descubrimento da lírica medieval no s. XIX, se crease o concepto de *galego-português* para a lingua e a literatura deste período como “um passe de mágica que [...] elimina intermediários entre o latín e o português” (p. 95). A aparición escrita da lingua, a fundación do reino de Portugal e o inicio documental do lirismo son datos históricos casuais que, no entanto, foron vinculados a unha orixe *única e singular* que lexitimaba a existencia dunha nación portuguesa.

A segunda parte do libro examina, precisamente, o modo en que Portugal construíu o portugués. Venâncio explica que, co triunfo do Mestre de Avis, o centro do poder ficara establecido de Coimbra para o sur, de modo que o norte quedou relegado a unha provincia distante. Deste xeito, iniciouse un programa lingüístico en que os trazos norteños perderon o seu prestixio en prol dos do sur. Estes *factores externos* “afetaram bastante a estrutura do português e, no prazo de poucas gerações, o diferenciaram da língua medieval e, igualmente, dos dialetos setentrionais e do galego” (p. 112). Non é estraño que Venâncio afirme que “a História do português é, em larga medida, a história das suas tentativas de afastamento do galego” (p. 114). Fronte a isto, expón léxico partillado en ambos os lados do Miño que mostra a antigüidade común destes materiais.

Na liña do anterior, o sexto capítulo aborda outra marca característica “com que o português quis despedir-se das formas nortenhas do idioma” (p. 121): o *-ão*.

Non obstante, a promoción deste trazo tivo, segundo Venâncio, unha consecuencia negativa: xerou unha desorde ortográfica que aínda perdura hoxe, desde a confusión das desinencias verbais *-am* e *-ão* até a contaminación de *-ã* e *-õ* en interior de palabra. Se ben esta variabilidade foi atallada co Acordo Ortográfico de 1911, indica que aínda persiste un problema cos plurais, xa que a homoxeneidade do singular vela a forma etimolóxica. Neste sentido, o autor ve curioso que en obras de consulta portuguesa se presente o castelán como punto de referencia para o falante portugués, pois é proba da subordinación histórica que houbo cara a esta lingua. Igualmente, cáusalle estupor que existan obras reintegracionistas con este mesmo consello cando o galego xa conta con plurais regulares e non “essa gigantesca disfunção morfológica portuguesa que, originada há 700 anos, nasceu exactamente de uma rejeição dos usos galegos” (p. 133).

O sétimo capítulo expón unha outra forma de *desgaleguización*: o incremento de termos con *l* e *n* intervocálicos. Este proceso de recuperación latinizante prodúcese, xustamente, nun momento “de larga *familiaridade* com o espanhol que, a partir de 1400, se desenhou e que e que conduziu a uma obstinada *convergência* do português com ele” (p. 140). Deste xeito, á vez que había un afastamento do galego, houbo tamén, paradoxalmente, unha abertura ás creacións centropeninsulares. Estas solucións daban a tranquilidade de coincidiren co étimo latino, mais o certo é que estas tamén o facían coa forma castelán, orixe verdadeira das formas que adoptou Portugal, que non as vía como un perigo para a súa lingua. Na opinión de Venâncio, esta influencia debíase a unha fascinación por unha lingua sentida como lóxica e consistente, á diferenza do portugués. Por conseguinte, se a síncope de *l* e *n* foi un fenómeno revolucionario que orixinou a lingua, “o aparecemento do portugués veio significar, por efecto da deriva em que o idioma entrou, convergente com as soluções espanholas, um desafio ao sistema autenticamente *contra-revolucionário*” (p. 150). O portugués, así, sería a subversión do seu propio acto de nacemento.

Non obstante, alén das diferenzas, Venâncio examina, nunha terceira parte do libro, se galego e portugués son aínda a mesma lingua. No capítulo oito, expón o léxico exclusivo que ambos partillan. Deste xeito, ofrece numerosos exemplos de todas as clases de palabras. Igualmente, presta atención ao sufixo diminutivo *-ela*, xa que conformou topónimos cuxa distribución demostra a estabilidade política da Gallaecia, lugar en que naceu a lingua. Alén diso, mostra que este sufixo (e máis tarde con *-iño/a*) forma palabras que ás veces se lexicalizan, fenómeno non presente noutros idiomas da contorna. Por outra banda, Venâncio defende a hipótese de que, a pesar da separación política, continuou habendo intercambio de léxico entre galegos e portugueses debido, sobre todo, á emigración dos primeiros.

O seguinte capítulo introdúceun cunha anécdota con que mostra que o parecido entre galego e castelán é *gráfico*, mais *estrutural* con relación ao portugués (infinitivo persoal, resposta en eco, o uso de *estar a* + infinitivo, a sintaxe etc.). Con todo, fala de *proximidade*, non de *identidade*. Se até o momento se centrara naquilo que partillaban o galego e o portugués, agora pasa a describir aquilo que os separa, desde aspectos que considera máis superficiais (diferenzas fonéticas, prosódicas e acentuais) até outros concernentes á estrutura da lingua (mesóclise, formas de tratamento, tempos compostos, práctica perda do futuro de subxuntivo etc.). Verbo do léxico, alén de termos exclusivos e falsos cognatos, o máis importante que salienta é a entrada *non simultánea* de castelanismos en ambos os idiomas, de modo que “essas tão descoincidentes castelhanizacións contribuíram para cavar aínda máis fundo o fosso entre os dous” (p. 185). Así, se o portugués se afastou do foco castelán por volta de 1730, o galego aínda continuaría sob a súa influencia até hoxe, introducindo, entre outras cousas, o *-l-* e *-n-* intervocálicos. Con todo, a pesar destas diferenzas, Venâncio reconece as dificultades para as categorizar como linguas diferentes, pois algo similar acontece entre o portugués europeo e o brasileiro, cuxas diferenzas sintácticas son notábeis. Non obstante, con relación ao galego sucede algo que transcende o aspecto lingüístico e que mesmo imposibilita o recoñecemento dunha posíbel unidade: Portugal exclúe a Galiza na explicación da historia da súa lingua.

A desmitificación do portugués que fai Venâncio implica tamén a crítica daqueles que, na súa opinión, o mitifican na Galiza: os reintegracionistas. Probadas as diferenzas e particularidades do galego, Venâncio pasa á ofensiva co reintegracionismo radical, se ben boa parte da súa crítica abranxe o movemento de forma xeral. A acusación fundaméntase en varias afirmacións que crean, no entanto, unha imaxe certamente simplista do movemento: o borrado de léxico patrimonial galego, a priorización de vocabulario coincidente co portugués sen ter en conta a súa circulación real na Galiza, a falta dun plano que especifique como se levaría a cabo unha mudanza lingüística tan ampla ou a vergoña do idioma sob denominacións como *portugués da Galiza*. Na mesma liña, ofrece unha visión reducida da proposta que Manuel Rodrigues Lapa, principal valedor do movemento desde Portugal, fixera para unha norma culta do galego. Para el, non sería máis que unha dilución do galego nun portugués que, no entanto, tamén se descaracterizaría por mor do castelán. Igualmente, carga contra a Academia Galega da Língua Portuguesa por presentar o galego ao resto da lusofonía como unha forma máis do portugués nun “seguidismo acrítico do sistema mental portugués” (p. 216). De forma máis xeral, sostén que o movemento está dirixido antes por activistas ideolóxicos que por lingüistas, movidos por reacción ao ocultamento que deles fai o *establishment* autonómico.

No capítulo doce, procura demostrar que a adopción do portugués como lingua oficial non sería positiva para o galego, xa que non evitaría a influencia do castelán nin a necesidade dunha continua militancia fronte a esta. A súa posición fica clara: do mesmo modo que o portugués do Brasil e o europeo se distinguen estruturalmente, o galego tamén está imbuído neste proceso de afastamento de forma irreversible. Sob esta tese, considera que a negación disto polo reintegracionismo xorde dun complexo de inferioridade histórica que interioriza e que tenta resolver a través do portugués, caendo en erros como a idealización deste idioma, a dispensa do estudo da lingua como fenómeno histórico ou o *fetichismo ortográfico*. Nin sequera o binormativismo cadra para Venâncio, pois identifica coa “versión moderada do impracticável «português da Galiza»” (p. 240). Deste xeito, reduce a proposta a unha fantasía que, de ser levada a cabo, resultaría igualmente nun portugués deturpado polo castelán. Só coincide co reintegracionismo en introducir o “*ensino do português na Galiza*” (p. 241), se ben que unicamente para aproveitar a intercomprensión.

A cuarta parte establece un marco desde o cal prognosticar o futuro da lingua portuguesa. Deste modo, no capítulo trece presenta a variedade lingüística que enriquece, mais tamén afasta, Portugal e Brasil. Con relación a aqueles que queren deter o afastamento, Venâncio mostra, no seguinte capítulo, que os interventores que sempre tentaron librar o portugués de materiais *desfiguradores* nunca o conseguiron. O capítulo quince segue esta idea en relación coa Galiza, pois indica que nin a súa cultura nin o seu contexto estatal entran no imaxinario portugués. Na súa opinión, se o reintegracionismo prescindiu de establecer un diálogo coa lingüística e sociedade portuguesa foi porque “um embate com o Portugal real poderia desfazer o encanto” (p. 283). Con todo, acha que o contacto da Galiza e Portugal é posíbel até certo punto, pondo como exemplo a última obra de Marco Meves, que presenta aos portugueses a continuidade histórica da súa lingua (e non só aquilo que a diferencia do galego) e ofrece unha visión completa da realidade lingüística peninsular. Finalmente, reflexiona sobre o proceso de separación do portugués europeo e brasileiro. Neste sentido, indica que o esforzo, tamén aplicado á Galiza, non debe ser a unificación, mais un *coñecemento mutuo* das literaturas, culturas e variedades lingüísticas, pois a ruptura é inevitábel. Para o autor, o maior mito de todos é, en certo sentido, a defensa dunha lusofonía que, como o latín, está en proceso de se descompor en varias linguas.

En síntese, *Assim nasceu uma língua* é unha obra que non causa indiferenza. Por unha banda, ten o valor de desmitificar e mostrar as orixes da lingua portuguesa. Por outra, elabora unha crítica xusta aos excesos de certos sectores do reintegracionismo, se ben que termina por reducir o movemento a unha caricatura. Neste sentido, cumpría ofrecer unha visión máis completa da situación sociolingüística do galego

e profundar máis na historia da problemática ortográfica co fin de contextualizar a orixe da corrente. Con todo, isto non invalida parte da súa crítica, pois tamén mostra varias dificultades e preguntas que o reintegracionismo ten de superar e responder. Precisamente, obras como esta, que inciden en aspectos pouco coñecidos do pasado e do presente da lingua, son aquelas que nos poden axudar a albiscarmos mellor o seu futuro.

Serxio Couso Núñez